


O QUE DE NÓS  
DIXERON

---

*Unha viaxe pola Galiza a  
través dos cadernos de  
Fialho de Almeida, por  
Alberto Valverde Otero*



## *Unha viaxe pola Galiza a través dos cadernos de Fialho de Almeida*

ALBERTO VALVERDE

### PREPARANDO AS MALETAS

Os libros de viaxes son un xénero literario pouco estudado, mais poderíamos dicir que na cultura occidental tivo un papel moi importante á hora de reflectir a historia que se estaba a vivir, ora nas conquistas –véxase a obra de Xulio César–, ora na expansión colonialista –véxase a obra de Méndes Pinto–. Xa dende épocas arcaicas estes libros simbolizaron a procura da verdade, da paz ou da inmortalidade, como se percibe nos libros sagrados como a *Biblia*, o cal goza de actualidade como se pode ver no conflito palestino con Israel e a longa travesía deste último pobo na procura da terra prometida.

Noutros casos a marcha realízase cara á morte: trátase dunha viaxe post mortem. Un dos volumes máis clásicos que presenta esta tendencia é o *Libro dos mortos* exipcio. Aquí o simbolismo fai referencia ao estadio espiritual e poderíase falar de viaxe da alma como sostén Cirlot (1997).

Mais habitualmente a viaxe expresa un desexo de gozar de novas experiencias a través do transvasamento dos sentimentos locais. Segundo Jung (1993), esta sensación é testemuño da insatisfacción que impele a busca e o descubrimento dos novos horizontes. Logo a busca sería a procura dunha metáfora do tesouro espiritual que se revela como coñecemento. A viaxe aquí sería como a poesía, fonte de saber.

Noutra banda sitúase Daniel Maggetti. El define este xénero baixo a óptica dunha triple cuestión. En primeiro lugar, a viaxe implica unha interrogación antropolóxica e filosófica na cal se analiza o contacto co alleo ou o outro (cotexar coa carta do descubrimento do Brasil de Álvares Cabral). Simultaneamente, suscita tamén un cuestionamento sobre a fronteira que separa o xénero literario (novela?) e outros posíbeis como o xornalismo, o cal fai reflexionar verbo da cuestión estética –tan ben estudada no ámbito francófono, como demostra a cadeira de estética na Sorbone–. E por último, entramos de cheo na creación do canon e na dinámica dos campos literarios mediante a seguinte pregunta: por que estudamos a *Carta* de Pero Vaz de Caminha ou o *Tratado descritivo de Brasil em 1587* de Gabriel Soares como literatura brasileira?; ou por que aparece a obra de Jean de Léry dentro dos programas de estudos literarios franceses, mentres que nos galegos non atopamos nos estudos literarios volumes deste tipo?

Como se pode comprobar, este xénero literario carrega un dilema de seu difícil de resolver. Neste pequeno traballo só quero constatar unha cuestión que está a crear hoxe controversia no mundo académico e que se está a afrontar dende perspectivas interdisciplinarias como os *cultural studies* angloamericanos.

## A CARRUAXE ESTÁ PREPARADA

De facer un pequeno percurso pola literatura de viaxes que tivo en conta Fialho de Almeida, teño de anunciar como comezo toda a literatura portuguesa que tratou o alén mar. Dende Mendes Pinto coa súa *Peregrinação* até os diálogos sarcásticos do *Soldado práctico* de Diego do Couto, pasando por toda a épica camoniana que se simboliza no velho do Restelo d'*Os lusíadas*. Esta inmensa obra –ben pola innegábel calidade literaria ben pola importancia como documento histórico– deixou un pouso especial na mentalidade colonial portuguesa dende os comezos até o final do século XX, a través do seu cuestionamento ou afirmando a idea negativa da desintegración, ao imaxinar Portugal como ser supremo en Europa na procura histórica do seu centro fóra. Exemplo disto último son as palabras de Fernando Pessoa:

Eu, da Raça dos Descobridores, desprezo o que seja menos que descubrir um Novo Mundo!

Mais continuando coas fontes de Fialho de Almeida, é seguro que considerou o autor a Laurence Sterne, precursor dun xénero de literatura de viaxes innovadora e que ía ter os seus sucedáneos. Co seu libro *Unha viaxe sentimental*<sup>1</sup> elabora o escritor inglés unha nova maneira de narrar as fuxidas pola Europa de finais do século XVIII. A través dunha prosa depurada de arcaísmos e de divagacións ilustradas describe unha viaxe que vai levar a Francia e Italia mais fixándose na paisaxe humana. Como ben indicou en 1932 Virginia Woolf:

Ademais, o viaxeiro tivera en conta algunhas leis de proporción e perspectiva. A catedral sempre fora un grande edificio en todos os libros de viaxes e o home unha figura pequena, propiamente diminuta, á beira dela. Pero Sterne era máis capaz de omitir a catedral tamén. Unha moza cunha bolsa de satén verde podería ser moito máis importante ca Nôtre-Dame. Porque non hai, parece suxerir o autor, unha escala universal de valores. Unha rapaza pode ser máis interesante ca unha catedral, e un burro morto máis instrutivo ca un filósofo vivo. (V. Woolf 1992)

Repare o lector de Fialho como na súa prosa se pode detectar este trazo de Sterne. Así como o alentexano amosa un amplo coñecemento da terminoloxía e técnicas da arquitectura ou historia da arte, nos cadernos de viaxe vai focalizar máis o pobo como suxeito activo.

Outro volume que de seguro tivo en conta o escritor foi *De l'Allemagne* de Madame de Staël. Neste libro de viaxes amósase a introdución do romantismo no campo literario francés. Foi esta ilustrada francesa a primeira en dar a coñecer a obra dos poetas alemáns da época que estaban xerando unha nova forma de interpretar a literatura nacional, a cal expresaba unha innovadora forma de interpretar o mundo dende o ego. Fialho neste caso aproveita este volume para confirmar a súa estética naturalista.

Dentro destas novas formas de recrear a literatura de viaxe como caderno de bitácora ou diario onde deitar as impresións e á vez recrear arte, destacan dúas viaxes. As dúas diríxense cara ao mesmo lugar: Italia, berce do movemento romántico e do renacemento de antano. A primeira é a viaxe de Goethe en 1786 e con posterior estanza dun ano 1787-88; outra é a realizada por Stendhal xa no posterior século XIX. Nas dúas sorprende o seu estilo ao baleirar no texto as sensacións humanas do mediterráneo e asemade o sentido do imperio romano como metáfora do esplendor antigo ou da Historia (trazo moi presente na estética romántica). En troques, Fialho escolle Galiza como sociedade non avanzada e espazo ideal para expresar o humano.

### COMEZA O DIÁLOGO

Entre estes autores destaca a todopoderosa presenza en todo o libro das viaxes do grande autor deste xénero literario de viaxes: J. W. Goethe. Coa súa *Viaxe a Italia* –aínda que foron dúas en realidade– adéntrase na experimentación de recrear unha sorte de diario literario no que facer as anotacións máis destacábeis na súa romaría a Italia. Cómpre parar un pouco con esta obra na que atopo certa simetría coa *Viagem à Galiza* de Fialho de Almeida. Se Goethe presenta un caderno de bitácora onde expresa case cada día o que o país mediterráneo lle está a facer sentir, Almeida tamén aproveita o estilo de dietario para definir as súas impresións – neste caso naturalistas e fineseculares– en cadernos persoais. Se ben o autor do *Fausto* pretende escribir unha obra persoal, unhas anotacións que hoxe nos serven para entender o fenómeno romántico e a súa etimoloxía con Roma ao fondo, Fialho de Almeida tamén redacta apreciacións persoais mais co carimbo indiscutíbel da tendencia naturalista.

Alén de Goethe, Sterne tamén amosa unha importante influencia. Antes apuntaba a Sterne como o pai da nova novela de viaxes, o cal aporta un novo gusto pola paisanaxe e os recursos humanos. Este intento tamén está na obra do portugués como un trazo moi importante. Almeida aproveita estes cadernos para ensaiar unha obra que en moitos aspectos escudriña o antropolóxico como nos seus contos do *País das uvas*; con este libro tamén critica o seu tempo e a sociedade finesecular, ora portuguesa ora galega.

### A CARRETA DÁ UN PASEO POLA GALIZA DE 1905

O libro *Viagem à Galiza* é unha obra non editada pola autor. Consta de 14 cadernos nos que se fai unha descrición do país galego no comezo do século XX. Como moi ben explica a editora do texto que manexamos, Lourdes Caritas, foi nas diferentes viaxes que realizou o escritor cando comeza a redactar en cadernos estas experiencias. Pódese dicir que dende 1901 –paso por Salamanca e Valladolid– Fialho ten esta predilección polas viaxes. Mais dátase en 1903 a primeira saída á Galiza, do 10 ao 25 de setembro. Volve vir a este país cunha periodicidade de dous anos: 1903 e 1905 e 1907. Logo nestes 14 cadernos aparecen as diferentes impre-

sións do autor sobre estas terras. O ciclo norteño rómpese coa saída a Europa no ano 1910, nomeadamente a Suíza e a Francia, berces da cultura da época, como se pode ver na obra literaria de Eça de Queirós, por exemplo no seu *A cidade e as serras*, procurando na vila ou aldea a cultura.

Cómpre resaltar aquí a importancia que ten Galiza na obra do escritor, xa que foi o territorio do que máis impresións amosou nos seus cadernos. Destes 14 textos escollo a estancia do narrador na zona do sur de Pontevedra como exemplo do estilo e do facer literario do escritor, que abrangue os tres primeiros cadernos, dedicándolle ao Val Miñor o segundo e terceiro.

## UNHA BOA VISTA AO MAR

A xeografía descrita por Fialho de Almeida nesta obra non vai ser a que o lector de novelas de viaxes espera, mesmo de se tratar dun curioso por outros lares. O espazo descrito tende cara á natureza, máis unha natureza propia, humanizada. Tórnase pois o espazo en verdadeiro personaxe da obra, en liña cun ecoloxismo atípico no seu espazo e época:

A estrada faz uma curva e passa um paredão que a sustém e onde o mar bate nas rochas com fracasso. O cheiro a ostras é horrível e intenso; a água tornou-se verde profundo, densa, límpida, e de uma beleza que deslumbra. A estrada curveja à volta da enseada (Fialho 1996: 37).

Como se pode comprobar, estase perante unha prosa que ás veces toca a beira da linguaxe máis poética para lle outorgar vida ao mundo. Mais é unha natureza que se amosa primitiva, concedendo a inocencia orixinal. Débese reparar que na obra de Fialho de Almeida a dicotomía natureza vs. urbe amosa unha simboloxía moi rica, xa que considera a cidade o lugar onde se desenvolven as loitas por ocupar un posto de poder; estas son, polo tanto, caracterizadas máis duramente, ao igual que na súa obra narrativa.

Ao cair da tarde, nas ruas lajeadas, transversais, estreitas, de Baiona raparigas à porta e bandos de crianças correndo e jogando à péla, caindo, descalças, claçadas, pobres, remediadas, todas juntas brincando, e as pequenas com lacinhos cômicos nos bandós da cabeça, sobre a testa (Fialho 1996: 56).

Ou tamén na descrición da propia vila mariñeira:

Velhas ao sol fazendo rede ou cosendo, outras de olhos moles, apoiadas a um pau, dão os bons dias, como nos tempos bíblicos. Muitas descalças, todas de negro; crianças em legiões, porcos, trigueiros, dóceis, e raro pedindo. Só algum diz que não tem pai, e com dous irmãos, e pede para lhe botar uma perra (Fialho 1996: 44).

Hase considerar que Fialho de Almeida representa unha das voces máis consagradas pola crítica como escritor naturalista. Destaca na obra deste autor a colección de contos<sup>2</sup> *O país das uvas*, editado en 1893. Grande lector da obra de Balzac, presenta un tipo de naturalismo na literatura portuguesa que se podería dicir que toca en certos extremos coa obra dos decadentistas franceses fineseculares e divulgados por Taine. Ou tamén ás veces fai recordar os ambientes decadentes da obra de Dostoiévski ao retratar os humillados ou ofendidos pola sociedade. Deste modo logra neste libro recrear un grande cadro expresionista do seu tempo.

Tendo en conta o estilo do diario, repare o lector desta viaxe que no periplo polo Val Miñor comeza polo sur, cabo Silleiro e as terras de Baredo, para se adentrar na vila de Baiona, na que máis días vai permanecer. Deste lugar vai destacar dous enclaves, a igrexa colexiata e o Monte Boi. Mais destes espazos elabora un descrición aséptica e case sen comentarios, agás os puntuais e sarcásticos. Mais vai detallar as sensacións que lle produce o lugar a través dos sentidos e da descrición de sitios e seres que o configuran coma un todo. Destaco destas descricións de personaxes que poboan o lugar a figura dun neno que representa a pobreza e simultánea beleza agreste da zona:

Um rapazito salta do muro de cima, como un gato, para o adro; é loiro e pálido, afusado, doentio e de camisola e pobrinho, com os mais lindos pés que ainda vi, mimosos e chatos, oblongos e leves, pés de raça e uma carita afilada de príncipe olhos azuis e boina, um arbusto raro. É um pobre da vizinhança que mora nalguma casucha perdida por ali, filho de pescador, e que será daqui a anos uma daquelas bestas de trabalho (Fialho 1996: 41).

Sorprenden os comentarios sensoriais, case que expresionistas: á vez que recrea unha sorte de poema en prosa onde se condensa a linguaxe en palabras que aparecen isoladas e cunha carga semántica especial xa que nos devolven á infancia do sentido:

O cheiro a ostras é horrível e intenso; a água tornou-se verde profundo, densa, límpida e de uma beleza que deslumbra (Fialho 1996: 38).

Retrata o escritor un cadro tipicamente naturalista e con abundancia do marxinal. Describe a xeografía da vila de Baiona ás veces coa maior exactitude, como no caso das igrexas (cómpre destacar o uso da terminoloxía artística: *ângulo de fachada, cúpula, varandins de sinos, tímpano semicircular, frontão, frestas oblongas, ogivais, columelo, escada de dois lances* etc.), como tamén sobre o castelo do Monte Boi –do cal realiza unha exahustiva descrición do castelo que xa non existe– ou o casino –do que tira un debuxo feito a carbón<sup>3</sup>–. Mais esta terminoloxía específica contrasta coa xeografía humana da vila: *casuchas térreas e miseráveis, cas de duas janelas ou três por cima, grosseiras portas e janelas, vielas tortas e lajeadas* etc., que á vez cotexa cos chalés da burguesía, como se deixa ver nas descricións das Vilas Enma, Lola, Elisa, o *baneário modesto de madeira* ou Restaurant da Palma. Estes son contrastes que utiliza para destacar o seu odiado-amado marxinal.

## A CARRETA NON CORRE, VOA SOBRE O MAR DOS ARGAZOS

Considero indiscutíbel a aparición de non poucos treitos nos que a expresión naturalista e narrativa dá paso a unha vivencia poética en prosa. Nestes casos poderíase dicir que recordan os poemas en prosa de Baudelaire nas súas *Flores do mal*.

Se ben Baudelaire afirma que o poeta moderno é aquel cidadán anónimo-asumido que lle dá forma ás migallas do irrepresentábel e tamén á nada co único propósito de ofrecer historia mediante unha sinatura e unha data, coido que Fialho consegue esta encomenda. Fíxese o lector que o escritor representa nos seus cadernos unha xeografía que a través da óptica naturalista fai paréntese para deixarse levar pola atracción cara á vida cotiá ou estado no que o home é semellante e igual ao home en permanente estado salvaxe, como xa apuntara Nietzsche.

Anotaba W. Benjamin o instante efémero da obra do poeta parisino como o efémero ou fuxidío que á vez representa o indigno ou irrepresentábel (Benjamin 1988), un tempo que non se apoia nun pasado nin nun futuro. O tempo nos cadernos do alentexano fica nesta transición. Aparentemente é unha viaxe e son anotacións persoais, mais en ocasións o tempo pérdese e entra na esfera do instantáneo, unha intelectualización continua do cotiá. Traballa, ao igual que o parisino, co instante dándolle un significado provisional e mudábel.

Em baixo há um mar de sardinheiras vermelhas, até a grande rua do parque. O mar desmaia, o sol declina (Fialho 1996: 55).

En certa medida, a vila retratada por Fialho de Almeida aseméllase aos cadros parisinos do francés, ao igual que na maneira de utilizar a prosa poética que ten ben traballaron os dous.

### A CARRETA ROUSA NAS VIRADAS CONTRA O MAR

No principio do século XXI existe unha tendencia de análise literaria que entrecruza o estudo filolóxico co antropolóxico. Hoxe hai na Universidade de Coimbra un foco ben interesante que analiza o saber antropolóxico e cultural portugués reflectido na historia literaria nacional. Nomes como Calafate Ribeiro, Ana Paula Ferreira ou o xa consagrado Eduardo Lourenço están a desenvolver esta nova forma de estudar a literatura que entronca cos Cultural Studies angloamericanos que no seu día introduciu en Galiza González-Millán.

O cotexo que o autor realiza entre a situación da Galiza e do seu Portugal aporta unha perspectiva interesante nesta óptica. Sorprende en certa medida a comparación á que somete a descrición da Galiza con Portugal. Pódese dicir que neste texto aparece o que a profesora Calafate (2003 e 2004) ten descrito como “imágenes de Portugal imaginando o centro” (Calafate 2004). Partindo dunha situación socio-política após o ultimatum inglés a Portugal, é certo que o país luso acomete unha descentralización da Lusitania e isto ten o seu reflexo nos textos escritos. A forte dimensión simbólica do imperio portugués nesta época dependía en certa medida das colonias africanas de alén mar e existe unha tendencia clara de cuestionamento do elemento imaxinario da comunidade, como sostén o teórico dos movementos nacionalistas Benedict Anderson. De botar unha ollada a algunhas das notas que o escritor vai deitando sobre o texto, pódese observar unha análise comparativa entre os dous países irmáns.

O naturalismo literario trócase nalgún caso en crítica social moi dura contra estamentos moi concretos, como pode ser o clero, que está arruinando o patrimonio arquitectónico.

Face da igrexa que dá para o lado de Baiona, apoiada nos mesmos gigantes, que são três, e separam espaços de muralha onde há grandes frestas oblongas, ogivais, sem trabalho de cantaria, e com um colonelo ao centro, que as separações, é natural estragassem, limpando e cortando relevos. O cura por sua conta abriu uma porta lateral moderna, de cocheira, neste muro [...] O cura está desculpado de ter aberto a porta de cocheira. Foi o costumado e maldito século XVIII! (Fialho 1996: 39).

Tamén hai tempo para lanzar unha severa reprimenda á xente que habita neste lugar:



Este nicho é um cagadoiro das gentes incontinentes do sítio. (Fialho 1996: 40)

Suscita interese o cotexo que realiza entre este país “tão desgraçado” e o “Portugal imundo”. Fialho de Almeida escolhe esta parte da Península que moito ten a ver co seu país natal, pero amosando ás veces unha ideoloxía submisa e crítica, como se pode ver nos seguinte treitos:

Essas varandas cobertas e envidraçadas são então salas e estufas de Inverno que se decoram de plantas, quadros e cortinas, e cujo uso em Portugal se devia generalizar (Fialho 1996: 44).

Não há quase, pelo geral, coisa curiosa, obscenidades nas paredes, nem merda na ruas, como no Portugal imundo (Fialho 1996: 45).

São dois edificios facendo uma massa enorme, riquíssima e que representa um verdadeiro acto de patriotismo que os portugueses ricos deviam todos imitar (Fialho 1996: 71).

Uma coisa que eu noto na Galiza (nas cidades pelo menos) e já tinha notado na Castela, é a sobriedade do povinho e classe média. Não há bêbedos em legião (como entre nós). Nos cafés, bebe-se café, cerveja, refrescos –uma gota de rhum no café, quando muito–. Aos domingos não se vê gente cambaleando pelas ruas, como entre nós (Fialho 1996: 175).

Como se pode comprobar, estes treitos xa serían interesantes para ter en conta nunha análise antropolóxica no cotexo que establece o autor entre as dúas terras. Amosando de primeiras a crítica tan forte que establece con Portugal, mais non sempre (Fialho 1996: 177).

## A VIAXE CHEGA Á SÚA FIN


Nestes *Cadernos de viagem* a Galiza en 1905, o escritor alentexano Fialho de Almeida describe cunha prosa cargada de poesía e dor unha terra que se amosa irmán. Cómpre demorarse na lectura deste volume para se dar conta do complexo tecido que en catorce cadernos foi debuxando. Debulla Fialho unha serie de imaxes da Galiza que o acolle para tecer un texto que camiña entre as augas de varios xéneros literarios: narrativa, viaxes e poesía. Un xénero literario difícil de definir pero que neste caso zumega unha expresión poética especial.

Este traballo trata de se adentrar en varios aspectos que caracterizan a obra, como o naturalismo que viaxa dende o Alentejo d’ *O país das uvas* até a Galiza deses cadernos; mais tamén hai lugar para as denuncias tanto dos estratos sociais como de situacións que o escritor considera fóra da ética. Trátase tamén dun longo poema no que o *Spleen* parisino de Baudelaire se representa en cachoupas e vilas que tecen un territorio complexo na súa rede social como na económica e cultural.

Unha lectura que amosa a relación entre a Galiza e Portugal que existiu de sempre e se cadra se reforza no final do século XIX e XX, conservada aínda hoxe.

Só resta por agradecer a edición que realizou a profesora Lourdes Carita para as edicións Laiovento e na que se recollen os catorce cadernos, tan ricos en datos e vivencias do poeta que de seguro vai facer as delicias do lector máis entusiasta.

Em baixo há um mar de sardínheiras vermelhas, até à grande rua do parque. O mar desmaia, o sol declina (Fialho 1996: 55).



Traseira do Casino de Baiona de Fialho de Almeida.

## BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, Benedict (1991). *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. Londres: Verso.
- BENJAMIN, W. (1988). *Poesía y capitalismo. Iluminaciones II*. Madrid: Taurus [tradución de J. Aguirre, 2ª reimpresión].
- CALAFATE RIBEIRO, M. (coord) (2003). *Fantasmas e fantasías imperiais no imaginário português contemporáneo*. Porto: Campo das Letras.
- (2004). *Uma história de regressos: império, guerra colonial e pós-colonialismo*. Porto: Afrontamento.
- CIRLOT, J-M (1997). *Diccionario de símbolos*. Madrid: Siruela.
- FIALHO DE ALMEIDA, J. (1987). *O país das uvas*. Póvoa de Varzim: Ulisseia.
- (1996). *Cadernos de viagem. Galiza 1905*. Santiago: Laivento.
- GOETHE, J. W. (2001). *Viaje a Italia*. Barcelona: Ediciones B, colec. Grandes Viajeros.
- JUNG, C. G. (1993). *Símbolos de transformación*. Barcelona: Paidós.
- LOPES, O. e SARAIVA, A. J. (1994). *História da literatura portuguesa*. Porto: Porto Editora.
- STÄEL, M. (1820). *De l'Allemagne*. Paris: Imprinta Crapelet.
- STENDHAL (1984). *Voyages en Italie*. Paris: Gallimard.
- STERNE, L. (1992). *Unha viaxe sentimental*. Santiago: Edicións Sotelo Blanco.
- WOOLF, V. (1992). "Prólogo" a Sterne (1992).

- NOTAS
- 1 Existe unha tradución ao galego realizada polo profesor e poeta Manuel Outeiriño.
  - 2 É curioso saber que non deixou escrita ningunha novela.
  - 3 Realiza poucos debuxos: o casino de Baiona, paisaxe de Ribadeo, lámpada do Cristo da catedral de Ourense, casa vella de Verín, casa típica de Ourense ou unha casa nobre de Allariz.